



CONVOCATORIA DE BOLSAS DE MOBILIDADE ERASMUS +

PARA O CURSO ACADÉMICO 2019-2020

A Unión Europea dispón durante o período 2014-2020 a continuación do Programa de Aprendizaxe Permanente (Lifelong Learning Programme – LLP, 2007-2013) que abrangue catro niveis educativos: 1) a educación escolar, 2) a educación superior, 3) a formación profesional e 4) a educación de adultos. O programa específico para a Educación Superior no período 2014-2020 denomínase **ERASMUS +** ([ligazón](#)). Na ESAD-Galicia xestiónanse a Acción KA1: *Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe*, que ten como obxectivo fortalecer o marco do Espacio Europeo de Educación Superior converténdoo nun referente de calidade e innovación. Para tal fin pon en marcha diversas estratexias, entre as que destacan, por unha banda, a mobilidade de estudantes e persoal docente e, por outra, a cooperación multilateral entre centros de ensino superior europeos.

No tocante á mobilidade de estudantes, o programa Erasmus prevé dúas accións: a mobilidade con fins de estudio (para alumnado matriculado) e a mobilidade para realizar prácticas (para alumnado que finalizou os seus estudos). A **mobilidade de estudos (Student Mobility for Studies – SMS; [ligazón](#))**, consistente na realización dun período formativo nun centro de educación superior doutro país europeo que estea en posesión da Carta Universitaria Erasmus. Nesa estancia, os/as estudantes están exentos de taxas académicas no centro de acollida e, á súa volta, a ESAD de Galicia recoñece academicamente os estudos realizados. O programa Erasmus + outorga bolsas que axudan a sufragar, parcialmente, os gastos derivados da mobilidade ata un máximo de 5 meses. A **mobilidade para prácticas (Student Mobility for Trainee – SMT; [ligazón](#))** debe solicitarse no último ano de estudos para realizar a estadía no estranxeiro en unha institución ou empresa ao remate dos estudos. O programa Erasmus + outorga bolsas que axudan a sufragar, parcialmente, os gastos derivados da mobilidade ata un máximo de 3 meses.

A respecto da mobilidade do profesorado e persoal ([ligazón](#)), o programa Erasmus concede axudas tanto para **impartir docencia** (Staff Teaching Assignment - STA) en centros de ensino superior como para **recibila** (Staff Mobility for Training - STT). Este tipo de mobilidade sempre será articulada dende o Departamento de Mobilidade, e nunca de xeito totalmente individual.

O Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE), adscrito ao Ministerio de Educación, é a axencia encargada de xestionar en España todo o relativo ao Programa de Aprendizaxe Permanente da Unión Europea. Na súa páxina web pódese atopar ampla información relativa ao programa Erasmus + (www.sepie.es).

MOBILIDADE DE ESTUDANTES ERASMUS +

1. REQUISITOS XERAIS PARA A PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA

- O/A estudante que solicite unha bolsa para o curso académico 2019-2020 deberá:
 - estar matriculado/a na ESAD de Galicia no curso 2018-2019.
 - ter aprobadas todas as materias de 1º curso e do primeiro cuadrimestre de 2º
 - ter 2º curso completo aprobado antes de INICIAR a mobilidade.
- Durante o prazo da súa estada no centro de destino, o/a estudante deberá estar matriculado/a, como mínimo, en 3º curso da ESAD de Galicia.
- O/a estudante deberá ter coñecemento do idioma esixido no centro de destino.
- Presentar toda a documentación precisa para esta convocatoria (ver apartado «solicitude») dentro dos prazos establecidos (data límite: 17 de xaneiro 2019).

2. DESTINOS

As estadias SMS só poderán realizarse nos centros cos que a ESAD de Galicia ten un acordo bilateral para o curso académico 2019-2020: ([ligazón ao mapa](#)).



Consultar a listaxe de acordos inter-institucionais asinados pola ESAD con outros centros dentro do Programa Erasmus +.

3. DURACIÓN DA ESTADÍA

Poderá ser de só un cuadrimestre ou ben dun ano académico completo, se ben a dotación económica por parte do programa Erasmus + só será para cubrir os gastos ata un máximo de 5 meses para SMS ou 3 meses para SMT. Outras axudas complementarias (Ministerio de Educación, Xunta de Galicia) poderían xestionarse sempre desde a iniciativa do alumnado.

O Departamento de Interpretación, dende a Área de Movemento, en 3º curso do Itinerario de Interpretación Xestual só concede mobilidade exclusivamente ao 1º cuadrimestre (setembro-diciembre). Desta forma os alumnos deberán incorporarse ás clases na ESAD-G á volta de Nadal (xaneiro) con vistas a integrarse no seu grupo de traballo e poder profundar nos aspectos técnicos e pedagóxicos correspondentes así como ás competencias específicas que este percorrido esixe. Esta medida foi oficialmente aprobada en CCP (15/11/2016).

4. FINANCIAMENTO

A bolsa Erasmus+ non ten como finalidade cubrir a totalidade dos gastos da estadía no estranxeiro. A contía recibida varía cada ano, pero adoita ser duns 250 € (segundo o nivel de vida do país orixe e de destino, pois existen unhas táboas específicas de Erasmus +).

O Ministerio de Educación e a Xunta de Galicia tamén conceden axudas complementarias aos/ás bolseiros/as Erasmus, unha xeral pola súa condición de bolseiros/as Erasmus e outra específica a quen o curso anterior (2018-2019) tiveran a condición de bolseiros do Ministerio de Educación.

Existe a posibilidade de mobilidade sen dotación económica (Bolsa 0), na que os estudantes levarán a cabo a súa mobilidade en igualdade de condicións que os alumnos subvencionados pero sen recibir fondos da UE.

5. SOLICITUDE: DOCUMENTACIÓN, SELECCIÓN E ACEPTACIÓN/RENUNCIA

O/A estudante que desexe participar nesta convocatoria deberá presentar a seguinte documentación no rexistro da ESAD de Galicia e máis enviar por e-mail ao Departamento de Mobilidade:

- 1.- Formulario de solicitude: a) *Student Application Form Studies*.
b) *Student Application Form Practices*.
- 2.- Currículo actualizado con fotografía.
- 3.- Copia do expediente académico ou certificado de notas. (Expide Secretaría da ESAD)
- 4.- Carta de motivación escrita en inglés.
- 5.- Certificado Oficial de idiomas: Cambridge Certificate o Escola Oficial de Idiomas.

Outros posibles requisitos que a institución de destino puidese solicitar:

- Portfolio ou carpeta de traballos (moi importante para os alumnos da especialidade de Escenografía).
- Para as demais especialidades é *recomendable* presentar material audiovisual xunto coa documentación requirida (video-book, páxina web ou similar).
- Entrevista persoal on-line.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes existirá un prazo de reclamacións.

A selección das candidaturas será realizada polo Departamento de Mobilidade e Transición e aprobado pola Comisión de Coordinación Pedagóxica formada polo Xefe de Estudos, as xefaturas dos departamentos didácticos e non didácticos da escola.

A selección dos aspirantes farase en función de:

- Número de mobilidades concedido dende o SEPIE á ESAD-Galicia para o 2019/2020.
- Número de prazas ofertadas polo centro de acollida.

Así como dun baremo no que se terá en conta:

- Nota media do expediente académico do alumno. (máx. 4 puntos)
- Nivel de coñecemento do idioma requirido polo centro de destino e acreditado có certificado oficial de superación de exame ou proba do nivel segundo o Marco de Referencia Europeo (MERC). (máx. 4 puntos)
- Nivel de coñecemento de outros idiomas e acreditados cós diplomas oficiais de superación de exame ou proba do nivel segundo o Marco de Referencia Europeo (MERC) (máx. 4 puntos).
- Carta de Motivación do participante. (máx. 2 puntos)

Baremo de puntuación das solicitudes:

Nota media certificado académico na ESAD-Galicia		
	6 - 6,99	0,5 puntos
	7 - 7,99	2 puntos
	8 - 8,99	3 puntos
	A partir de 9	4 puntos
Certificados oficiais de Idiomas dentro da UE (Inglés, francés, alemán, portugués, etc.) Valorase unicamente o certificado de máis nivel dentro de unha mesma lingua.		
	B1	0,5 puntos
	B2	1 punto
	C1 C2	2 puntos 3 puntos
	Certificado de Grao (lingua de destino) Máster en Filoloxía (lingua de destino) Dobre nacionalidade ou lingua materna.	4 puntos

Carta persoal de motivación (Explicando os motivos de solicitude a dito país e centro concreto de estudos. Valorarase a orixinalidade, claridade e especificidade da carta)	de 0 a 2 puntos
---	-----------------

Os seleccionados deberán manifestar a súa aceptación ou renuncia por escrito no prazo establecido (modelo na web da escola). Se pasado ese prazo un seleccionado non presentase ningunha documentación entenderase que renuncia á praza. De non existir causa xustificada, a renuncia a unha praza xa aceptada suporá a exclusión dese/a estudante para posteriores convocatorias de mobilidade.

As prazas vacantes serán adxudicadas aos suplentes sen que se produzan modificacións nas prazas xa asignadas e aceptadas polos aspirantes seleccionados.

IMPORTANTE

A concesión final da bolsa Erasmus+ ao alumnado seleccionado dependerá, por un lado, da concesión por parte do SEPIE das mobilidades solicitadas á ESAD-Galicia nesta convocatoria e, por outro, da aceptación do estudante no centro de destino. Por este motivo os estudantes con bolsa concedida poderán solicitar varios centros de acollida.

6. OBRIGAS DOS/AS BOLSEIROS/AS

Antes da partida:

- Poñerse en contacto co coordinador de mobilidade da ESAD-Galicia para elaborar o seu contrato de estudio (*Learning Agreement*) có centro de acollida.
- Presentar en tempo e forma a documentación que lle sexa requirida.
- Matricularse das materias da ESAD-Galicia que se queiran validar.

Durante a estadía no centro de destino:

- Remitir por fax ou correo electrónico no prazo máximo de 10 días dende a incorporación ao destino unha certificación de chegada.
- Permanecer no destino ate o final do período previsto e realizar os estudos e exames para os que se lle concedeu a axuda.
- Remitirle ao coordinador os datos de contacto durante a estadía no estranxeiro: teléfono e enderezos postal e electrónico.
- Manter contacto periódico co coordinador a través de enderezo electrónico.

Ao fin do período de mobilidade:

- No prazo máximo dun mes logo de finalizar a estadía, entregarlle ao coordinador de Erasmus na ESAD-Galicia o documento orixinal da “Carta de confirmación / *Certificate of Assignment*” (certificado de ter realizada a estadía exitosamente) e “Certificado de Notas / *Transcription of records*”, así como o informe final da experiencia segundo modelo establecido, ademais de documentación gráfica da súa actividade no centro de destino.

7. REVOGACIÓN

No suposto de que non se leve a cabo a estadía sen causa xustificada, non se cumpla a asistencia esixida no centro de destino ou que non se entregue a documentación solicitada, o bolseiro deberá devolver a contía da bolsa. A ESAD de Galicia terá dereito a reclamar o importe da axuda, polo incumprimento das bases desta norma.

MOBILIDADE ERASMUS DE PROFESORADO E PERSOAL

O persoal ou os membros do profesorado que desexen realizar unha mobilidade Erasmus+ poderán optar por **impartir docencia (STA)** ou por realizar unha actividade para **recibir formación (STT)**. No primeiro caso, deberán contactar cun centro de ensino superior con Carta Universitaria Erasmus+ de forma coordinada có Xefe do Departamento de Mobilidade e ser aceptada a súa docencia dentro do currículo (*Teaching Agreement*) da institución de acollida. Esta actividade terá unha duración mínima de 2 días e máxima de 2 meses. A actividade deberá conter un mínimo de 8 horas.

As solicitudes do profesorado, co plan de traballo debidamente explicado, serán entregadas por rexistro antes da data límite indicada na presente convocatoria:

- Formulario de solicitude (*Teacher Application Form*).
- Currículo actualizado con fotografía.
- Documentación acreditativa de coñecemento de idioma(s). Dependendo da institución de acollida esta documentación pode ser imprescindible ou non.

Os centros de educación superior no que o profesorado faga a estadía para docencia só poderán ser aqueles cos que haxa un Acordo Bilateral previo. Na actualidade, estes centros son os mesmos que se ofrecen para o alumnado. No caso de que algún docente desexe realizar a estadía noutro centro, o Acordo Bilateral deberá estar asinado coa suficiente antelación antes da mobilidade (mínimo 1 mes).

ENTREGA SOLICITUDES

MOBILIDADE ERASMUS+ DE ESTUDANTES E PERSOAL

A documentación entregarase en **formato papel no rexistro** da secretaría da ESAD, así como en **formato dixital** ao e-mail do Dpto. de Mobilidade e Transición (international@esadgalicia.com) sempre dentro dos prazos indicados.

Os **prazos** que regularán esta convocatoria son os seguintes:

11 de decembro 2018	Publicación e difusión da convocatoria na ESAD
17 de xaneiro 2019	Data final de presentación de solicitudes.
23 de xaneiro 2019	Resolución da CCP. Publicación da <i>listaxe provisional</i> de seleccionados.
24 e 25 de xaneiro 2019	Prazo de reclamacións.
28 de xaneiro 2019	Publicación da <i>listaxe definitiva</i> .
31 de xaneiro 2019	Data límite para aceptación ou renuncia de bolsa.

INFORMACIÓN

Departamento de Mobilidade e Transición: international@esadgalicia.com

